



Meteoroloxía e clima nas coplas e refráns da Ulla

Paloma Barreiros, Juan Taboada
e Henrique Neira

valdoulla@yahoo.es

Resumo. Numerosos ditos e cántigas que se conservan na memoria das xentes do Val do Ulla conteñen referencias a fenómenos meteorolóxicos máis ou menos frecuentes ou ó comportamento do clima. Tanto na tradición oral coma nos textos que recollen este tesouro cultural hai referencias a lugares do val, pero tamén hai contidos semellantes ós doutras zonas de Galicia ou do resto da Península Ibérica. Poden clasificarse en tres grupos: indicadores de cambio de tempo, predicións e finalmente a meteoroloxía e as producións do agro e do mar.

Abstract. Many sayings and cantigas (medieval poems set to music), which are still fresh in the memories of people from Val do Ulla (Ulla Valley), have references to meteorological phenomena or climate patterns. In the oral tradition and in texts related to this cultural treasure, there are references to this valley's places but also there is information similar to other areas in Galicia or the Iberian Peninsula. All the references can be classified in three different groups: weather change indicators, weather forecast, meteorology and production in the sea and countryside.

Na rica tradición oral do Val do Ulla consérvanse dúcias de refráns e algunhas coplas que conteñen referencias a fenómenos meteorolóxicos e mesmo ó comportamento do clima. A antigüidade de moitas destas frases e versos cóntase por séculos: xa o escritor de Berres (A Estrada) Marcial Valladares completou en 1867 e 1879 senllas coleccións recollidas fundamentalmente nas terras da Ulla, compiladas recentemente por Xosé Luna, e comprobamos que moitos dos materiais recollidos por el aínda se manteñen vivos na memoria da xente.

Nestas coleccións hai referencias específicas a lugares do Val do Ulla, pero tamén hai contidos semellantes ós que se transmiten oralmente noutras zonas de Galicia ou do resto da Península Ibérica. Un exemplo: en 1867 Marcial Valladares recolleu o refrán “Entre marzo e abril, ou o cuco ou a fin”¹, que aínda forma parte do patrimonio oral na actualidade, e que ten cando menos unha versión

1 Luna Sanmartín, Xosé. *Marcial Valladares Núñez. Cantigueiro popular*. A Estrada, Fundación Cultural da Estrada, 2003. Páx. 190-191.

portuguesa –“Entre março e abril, se o cuco não vier, está a fim do mundo para vir”²– e outra castelá –“Si marzo se va y el cuco no viene, o se ha muerto el cuco o la fin viene”³–.

Ó longo deste artigo presentamos refráns e coplas sobre o clima e a meteoroloxía recollidos por Marcial Valladares no século XIX, que aparecen sinalados como MV 1867⁴ ou MV 1879⁵ dependendo da data da colección. Os recollidos por outros autores aparecen coa súa correspondente cita, a excepción dos transcritos por Henrique Neira. Estes últimos foron anotados nas dúas últimas décadas e escoitados maioritariamente de persoas naturais do concello de Vedra, en especial das parroquias de San Cristovo de Merín, San Mamede de Ribadulla, San Miguel de Sarandón e San Pedro de Vilanova.

Ordeámoslos en tres grupos: o primeiro indicadores de cambios de tempo, o segundo predicións e o terceiro a meteoroloxía e as producións do agro e do mar. E intentamos explicar cal é o significado de cada frase ou conxunto de frases semellantes, desde o punto de vista da meteoroloxía.

Para completar esta análise, imos intentar comparar varios refráns cos datos climatolóxicos obtidos na estación meteorolóxica situada na parroquia de San Breixo de Sergude, no concello de Boqueixón, a máis próxima á zona xeográfica estudada. Ten datos soamente dende o ano 1991, pero pode darnos unha idea axeitada da climatoloxía do Val do Ulla.


A xeito de resumo, no climograma elaborado cos datos da estación de Sergude (1991-2008) vese que a época máis chuviosa é o outono, sendo outubro e novembro os meses con máis precipitacións. A parte máis fría sería decembro, xaneiro e febreiro. Outra cuestión interesante que se repite en moitos puntos de Galicia e na que habitualmente non reparamos é que a cantidade de chuvia nos meses de

2 Carrusca, María de Sousa, coord. ‘Vozes da sabedoria’. Lisboa, Edição da coordenadora, 1976. Vol. III, páx. 213.

3 Martínez Kleiser, Luis. ‘El tiempo y los espacios de tiempo en los refranes’. Madrid, Librería General de Victoriano Suárez, 1945. Páx. 97.

4 Luna Sanmartín, Xosé. ‘Marcial Valladares Núñez. Cantigueiro popular’. A Estrada, Fundación Cultural da Estrada, 2003. Páx. 190-191.

5 Luna Sanmartín, Xosé. ‘Marcial Valladares Núñez. Cantigueiro popular’. A Estrada, Fundación Cultural da Estrada, 2003. Páx. 307-321.



Climograma confeccionado cos datos obtidos entre 1991 e 2008 na estación meteorolóxica de Sergude (Boqueixón). Indícanse os datos mensuais de precipitacións (PP), así como a temperatura media mensual (TA), e a media mensual das temperaturas máximas (TMAXM) e mínimas (TMINM).
 FONTE: Meteogalicia.

marzo, abril e maio é moi semellante, cando normalmente pensamos que debería chover máis en marzo que en maio.

1. Indicadores de cambio de tempo

A Touca do Pico Sacro

A chover vai de seguro,
 que o Pico-Sagro pon touca.
 Leva, meniña, a facenda,
 que a chuvia non será pouca. (MV 1867)

Cando o Pico coce, chove.

Cando o Pico coce, sinal de chuvia.

Cando o Pico pon capelo, meniñas de Vilanova, poñede o mantelo.

Cando o Pico Sagro pon capelo, rapazas da Ulla, cubride o mantelo. (MV 1879)

Cando o Pico Sagro pon touca, auga temos, moita ou pouca. (MV 1879).



Cúmulos sobre o Pico Sacro o 28 de abril de 2002. Se o Pico Sacro tivese posta a touca ou capelo as nubes ocultarían a cima e iso sería sinal de chuvia. Foto: Henrique Neira

A touca (pano da cabeza) ou capelo (sombreiro) ós que se refiren algunhas destas coplas e refráns aparecerá a meirande parte das veces pola entrada de aire húmido desde o Atlántico. As masas de aire que veñen do sudoeste, que son as que deixan maiores cantidades de chuvia entran polo Val do Ulla. Ó atopar o Pico Sacro a masa de aire vese forzada a ascender de xeito que se enfría lixeiramente ocasionando a condensación e a presenza de nubes ou néboas que ocultan a cima do monte. Polo tanto esta sería unha primeira pegada da chegada de masas de aire do sudoeste. A copla e o último refrán presentan unha certa contradición: normalmente será de aplicación a copla, posto que o mais habitual en Galicia son as chegadas de fronte frías que teñen máis cantidade de auga; as fronte cálidas pasan normalmente máis ó norte.

En canto ó refrán '*Cando o Pico coce, chove*', é unha variante similar ás outras, refírese a que cando hai néboa na cima do Pico –compáraa co vapor que produce unha pota cando se coce a comida– e por tanto esta non se ve, chove.

Existen aínda máis variantes destes refráns que mencionan o Pico Sacro, véxase por exemplo o traballo de Francisco Vázquez Saco de 1952, recollido recentemente en *Cadernos de Fraseoloxía Galega*⁶.

Así mesmo, Manuel Murguía na súa obra 'Galicia' refírese tamén ó Pico Sacro e á súa vinculación coa meteoroloxía⁷, neste fragmento que traducimos do castelán: "Compréndese que a importancia lendaria do Pico Sagro, sexa hoxe e fose sempre, grande. Á notoriedade que lle dá o correr unido ás tradicións xacobeas, engádense as que a porfía os homes e as reliquias materiais que conserva ou delas queda memoria, lles prestaron en todo tempo. Nada falta alí de canto a imaxinación crea en tales casos; nin a ermida, nin a fonte sagrada, nin covas misteriosas, nin sequera falsas inscricións. De alí veñen as tempestades que estalan sobre o val; alá van os froitos da colleita voando en confusos remuíños; nas concavidades da gruta, que habitan os mouros, sepúltase o viño que falta nas cubas".

A gruta da que fala Murguía son os buratos dos mouros que hai na cima do Pico Sacro, un de grande antigüidade e o outro escavado no século XV e que comunica co primeiro. Como recolle o texto, parece ser que antigamente se dicía que os froitos das colleitas que levaba o vento acababan alí, e o mesmo o viño que desaparecía das cubas, pipas ou pipotes.

Brétema

Brétema no monte, millor que pola mañán, é pola noite (MV 1879).

Néboa póla mañá significa normalmente situación anticiclónica: bo tempo. En cambio, pola noite precede a un cambio de tempo con chegada de masas de aire húmido e polo tanto anunciaría a posibilidade de chuvia, boa para o agro.

6 Vázquez Saco, Francisco. 'Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral'. En: 'Cadernos de Fraseoloxía Galega'. Santiago, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2003. Número 5. Páxs. 887 e 888.

7 Murguía, Manuel. 'Galicia'. Barcelona, 1888, Editorial de Daniel Cortezo y Cía



Este tipo de nubes acostuman aparecer despois do paso dunha fronte fría. Imaxe tomada desde San Miguel de Sarandón o 30 de setembro de 2000. Foto: Henrique Neira

Nubes

Norte oscuro, vendaval seguro (MV 1867).

Refírese a que se se ven nubes escuras ó norte, é seguro que choverá.

Roibéns ó mar, vellas ó sollar (MV 1867).

Roibéns ó mar refírese a que se vemos nubes de cor vermella ó solpor, isto indicaría alta probabilidade de chuvia para o día seguinte e polo tanto recomenda quedar na casa: o sollar era o piso de madeira co que contaban moitas vivendas.

Rubiás o sol nado, pigoreiro, andarás mollado; Rubiás, o sol posto, pigoreiro, andarás enxoito (MV 1879).

Este refrán contradí o anterior. Roibéns ou rubiás, como dixemos, son as nubes de cor vermella que se poden ver ás veces no horizonte cando sae ou se pon o sol. Neste caso fala da posibilidade de chuvia ó amencer, pero de que virá un día seco se se ven ó solpor. ¿Tal vez a explicación é que os recolleu Marcial Valladares en distintos puntos de Galicia? Pigoreiro significa pastor de ovellas e se cadra o dito aplícase



Un solpor coma este, do 24 de febreiro do 2002, no que se ven nubes de cor vermella, indica posibilidade de chuvia para o día seguinte. Foto: Henrique Neira

en zonas onde abunda máis que na Ulla a gandería ovina. A palabra rubiás sería máis propia da provincia de Ourense que do Val do Ulla.

Tronos

Auga de tronada, nalgúns sitios moita; noutras nada (MV 1879).

En meteoroloxía débense distinguir dúas escalas espaciais diferentes. Por unha banda a que se denomina escala sinóptica (palabra que procede do grego e significaría ‘ver o conxunto’). Esta escala móvese na orde dos miles de quilómetros. A segunda escala sería máis reducida, da orde das decenas de quilómetros. En Galicia a meirande parte das situacións meteorolóxicas pódense explicar usando a escala sinóptica, posto que normalmente teñen que ver co paso de fronteas asociadas a borrascas que se moven polo Átlántico.

Estas situacións deixan cantidades de chuvia bastante homoxéneas nunha mesma comarca. Con todo, de cando en vez as situacións meteorolóxicas deben explicarse por inestabilidades locais, normalmente aire frío en altura que provoca situacións treboentas.

Estas situacións si que poden deixar cantidades de chuvia moi diferentes en puntos relativamente próximos.

Nunca chove como trona (MV 1879).

Quere dicir que aínda que se escoite moito ruído de tronos, a chuvia non vai ser tan abundante como cabería esperar. A cantidade de chuvia nos sistemas convectivos non está asociada co aparato eléctrico.

Trono do solano, pouca auga e, se cadra, moito dano (MV 1867).

Refírese a que se se escoitan tronos polo leste, é de esperar que chova pouco, pero que en cambio a treboada podería provocar danos. Podería referirse a unha treboada seca, aínda que non parece un fenómeno moi habitual de Galicia.

Tronos en marzo, ou fame ou mortazo (MV 1879).

Parece indicar que se hai treboadas con tronos en marzo, iso traerá fame e mesmo aumentará a mortalidade humana. Hai unha variante: *Pascua en marzo, ou fame, ou mortazo* (MV 1879). A Pascua é unha festa movable, celébrase entre o 22 de marzo e o 25 de abril, sendo o domingo seguinte á primeira lúa chea de primavera. Así, parecera que unha lúa chea a finais de marzo sería malo para as colleitas.

Vento

Cando non fai vento, non fai mal tempo (MV 1879).

Na zona do Val do Ulla as situacións de chuvia están normalmente asociadas con fronteas asociadas a borrascas que se moven polo Atlántico e que ademais de chuvia deixan ventos, predominantemente do cuadrante sudoeste.

2. Predicións

Chuvia

Xaneiro

Día de Sta. Inés, chuvia unha sola ves (todo el día) (MV 1879).

Este refrán pode referirse a que en xaneiro (Santa Inés é o 21 de xaneiro) é típico o tipo de tempo de ventos procedentes do oeste-sudoeste que deixan chuvias moi persistentes, que chove sen parar.

Febreiro

*Cando a Candelaria chora,
mitá do inverno vai fóra.
Que chore, que deixe de chorar,
mitá do inverno está por pasar.*

*Cando a Candelaria chora,
mitá do inverno vai fóra.
Que chore, que deixe de chorar,
mitá do inverno está sen pasar.*

*Cando a Candelaria chora,
o inverno xa vai fóra.
Cando a Candelaria ri
o inverno está por vir.
E que chove e que ri,
o inverno está aquí.*

Día da Candelaria, mitá do inverno vai fóra. Se chove ou venta, inda entra (MV 1867).

A Candelaria, A Candeloria ou As Candeas é unha festa na honra da Virxe María que se celebra o 2 de febreiro. O termo chorar refírese á chuvia e rir ó sol. Desta forma se chove a principios de febreiro o ano está sendo normal e as temperaturas irán subindo lentamente. Pero se vai sol, estaremos nunha situación anticiclónica invernal, que traerá asociadas xeadas nocturnas. Ademais os anticiclóns invernaís adoitan ser persistentes, polo que esa situación podería repetirse en días sucesivos, facendo máis longo o inverno.

Estas dúas coplas e o refrán son moi curiosos porque teñen correspondencia no mundo anglosaxón co día da marmota, ó redor do que xira a película *Atrapado no tempo* (*Groundhog Day* é o título

en inglés orixinal). A celebración máis famosa do día da marmota é precisamente a que amosa o filme, que se desenvolve na localidade estadounidense de Punxsutawney (Pennsylvania). Alí, cando a marmota Phil sae do seu tobo, se ve a súa sombra quere dicir que vai sol (a Candelaria ri), polo tanto asústase e volve hibernar, porque agarda que o inverno se prolongue seis semanas máis. Se sae e non ve a súa sombra, iso quere dicir que hai nubes, e polo tanto posibilidade de chuvias (a Candelaria chora) e dun inverno máis curto.

Marzo/abril

Chuvia en marzo, nin o mexo dun rato (MV 1879).

Parece un refrán un pouco esaxerado. É verdade que as cantidades que se recollen en marzo son inferiores ás de meses anteriores, pero na área da Ulla o mes de marzo é aínda bastante chuvioso.

Marzo ventoso e abril chuvioso fan a maio florido e fermoso.

Marzo ventoso e abril chuvioso sacan a maio florido e fermoso.

Unha cuestión interesante que se repite en moitos puntos de Galicia e na que habitualmente non

reparamos é que a cantidade de chuvia nos meses de marzo-abril-maio é moi semellante. Normalmente pensamos que debería chover máis en marzo que en maio, pero os datos amosan que as diferenzas non son tan grandes.

Marzo marzán, pola mañán cara de rosa, e á tarde cara de can.

Marzo marzán, pola mañán cariña de rosa e pola noite, cara de can.

Este refrán fai referencia á variabilidade do tempo na primavera.

Na semana de Ramos lava os teus panos, que na da Pasión ou os lavarás ou non.

Na semana de Ramos lava os teus panos, que na da Paixón ou os lavas ou non.

Este dito indica que debería chover menos na semana do domingo de Ramos que na do domingo de Pascua ou de Paixón, en todo caso nesta última o tempo sería máis inestable. O domingo de Ramos é o anterior ó da Pascua e a data de celebración deste último varía entre o 22 de marzo e o 25 de abril, sendo o domingo seguinte á primeira lúa chea de primavera.

Abril/maio

Chove en abril e maio, e non chove en todo o ano.

Prognostica menos precipitacións do habitual para o resto do ano se a primavera é particularmente húmida.

Chuvia de abril, enche o carro e o carril (MV 1867).

As cantidades de chuva, ben sexa pola chegada de fronteas desde o Atlántico ou pola presenza de treboadas, poden ser elevadas.

En abril, augas mil.

Este é o quinto refrán máis frecuente dos recollidos en refraneiros galegos, de acordo cos estudos de Xesús Ferro Ruibal: aparece en nada menos que 50 coleccións galegas de refráns e ditos⁸ e ten equivalentes polo menos en castelán (En abril, augas mil⁹) e catalán (En abril, aigües mil¹⁰).

Especialmente no centro da Península Ibérica o inverno adoita ser frío con altas presións, pero ó comezo da primavera estas altas presións (debidadas ó maior peso do aire frío) retíranse e as influencias atlánticas en forma de chuva alcanzan toda a península.

Polvo en abril, lama en agosto (MV 1879).

Indicaría que se non chove con abundancia en abril, en cambio choverá forte en agosto.

Maio

Maio caloroso, Santiago chuvioso (MV 1879).

Maio chuvioso, vran caloroso (MV 1879).

Estes dous refráns e o último de abril refírense á variabilidade do tempo. Non se cumpren tódolos anos, pero en promedio si que se pode esperar que se a primavera é seca o verán sexa húmido e

8 Ferro Ruibal, Xesús. 'Refraneiro galego máis frecuente'. A Coruña, La Voz de Galicia/Editorial Galaxia, 2002. Páx. 9.

9 Martínez Kleiser, Luis. 'El tiempo y los espacios de tiempo en los refranes'. Madrid, Librería General de Victoriano Suárez, 1945. Páx. 219.

10 Sanchís Guarnier, Manuel. 'Calendari de refranys'. Barcelona, Barcino, 1951. Páx. 63.

viceversa. Aquí é importante distinguir os conceptos de tempo e clima. O clima sería o promedio dos estados do tempo ó longo de moitos anos, mentres que o tempo se refire ó estado da atmosfera nun determinado momento e lugar. Neste caso estes refráns serían mais climatolóxicos que meteorolóxicos. Aínda hai unha variante máis destes ditos, aínda que non fai referencia á chuvia:

Maio caloroso, San Xoán ventoso.

Xuño

A chuvia en San Xoán tolle o viño e non dá pan.

Chuvia en San Xuan, tolle viño e non dá pan (MV 1867).

As chuvias de san Xoán non son beneficiosas para o viño, nin para o trigo e a cebada.

Xuño/xullo/agosto/setembro

Se chove por San Pedro, ábrelle a porta a tódolos santos.

Este dito está relacionado cos seguintes. Quere dicir que se chove a finais de xuño (a festa de San Pedro é o 29 de xuño), é bastante probable que haxa precipitacións en diferentes días festivos de xullo e agosto que se indican a continuación, ou nos días próximos a esas festas.

Pro é un regalo S. Pedro co seu xerro; S. Cristobo co seu cobo; Sta. Mariña coa súa regazadiña; Santiago co seu canado; S. Lourenzo co seu caldeiro penzo; Nosa Señora coa súa ola e S. Miguel co seu tonel (MV 1867).

As datas mencionadas son as seguintes: San Pedro, 29 de xuño; San Cristovo, 10 de xullo; Santa Mariña, 18 de xullo; Santiago, 25 de xullo; San Lourenzo, 10 de agosto; Nosa Señora, 15 de agosto e San Miguel 29 de setembro. Así pois, sinala que é frecuente que todos eses días festivos indicados ou días próximos a eles traian algo de chuvia. Quedaría baleiro o período do 15 de agosto ó 29 de setembro, o que parece indicar menor frecuencia de precipitacións. O refrán amosa ademais que as colleitas do verán agradecen as chuvias.

*O San Pedro ábrelle as portas á chuvia.
Vén o San Cristovo co seu cobo,
Santa Mariña ca súa reguiña,
a Madanela ca súa regadela,
o Santiago co seu cabazo
e o San Lourenzo co seu caldeiriño penzo.*

As datas mencionadas son as seguintes: San Pedro 29 de xuño; San Cristovo, 10 de xullo; Santa Mariña, 18 de xullo; Santa María Madanela, 22 de xullo; Santiago, 25 de xullo; San Lourenzo, 10 de agosto. Como diferenzas, apuntar que o dito recollido por Marcial Valladares estende as datas de chuvias ó 15 de agosto e ó 29 de setembro e non inclúe a festa de Santa María Madanela, que é a patroa da Ponte Ulla, que probablemente aparece nesta última copla porque foi recollida en San Mamede de Ribadulla, parroquia próxima.

Setembro

Gundián inxoito, Dolores mollados.

Gundián mollado, Dolores inxoitos.

O primeiro indica que se non chove pola romaría da Nosa Señora do Gundián, na parroquia da Ponte Ulla (o día 8 de setembro, Natividade da Virxe María), en cambio choverá na romaría da Nosa Señora das Dores, que se celebra na parroquia de Santa Eulalia de Vedra o domingo 15 de setembro ou o primeiro domingo despois dese día. E o segundo describe a situación inversa. Pola romaría do Gundián nalgúnhas casas da Ponte Ulla xa había viño novo, tras deixar a fermentar o mosto entre un e tres días, pero era un viño moi acedo.

Outros refráns sobre a chuvia

Cando o sábado chove e o domingo ante misa, pola semana adiante verás que risa (MV 1879).

Se chove sábado á tarde e domingo antes da misa, vaia semana de risa.

Os dous refráns predín unha semana de chuvias, aínda que non parece que haxa ningunha base científica para tomar como días de observación o sábado e o domingo.

Sol madrugadeiro, chuvia no quinteiro (MV 1867).

Especialmente no inverno, se se ve moi cedo o sol ó amencer é sinal de chuvia. O quinteiro é o corral, leira próxima á casa onde se sementaban hortalizas.

Frío

Xaneiro

En xaneiro, pon o pé diante do compañeiro.

Fai referencia ó frío: ó quentarse ó lume da lareira trataba un de poñerse diante do compañeiro para recibir máis calor.

En xaneiro, sete lobos polo carreiro (MV 1879).

Fai referencia ó frío deste mes do inverno, no que os lobos baixan da montaña na busca do alimento que non atopan alí. Hoxe non se ven lobos no Val do Ulla, pero ata as primeiras décadas do século XX aínda baixaban ata a serra do Pico Sacro, iso si, con pouca frecuencia.

Febreiro/marzo

Dixo no monte unha vella: vaite febreiriño corto, cos teus días vinte e oito, que, se tuveras máis catro, non quedaba can, nin gato. Febreiro contestou moito: “os teus becerraños oito, deixa que meu irmán marzo hachos de volver en catro” (MV 1879).

Este refrán fai referencia a que febreiro pode ser un mes climatoloxicamente ‘duro’ para as tarefas do campo, pois é un mes frío e con chuvia. A principios de marzo aínda poden suceder situacións invernaís, polo que pode ser unha continuidade de febreiro.

En marzo, o coiro faiche pelarzo.

Sinala que co frío de marzo aínda cae a pel dos labios.

Maio

En maio, inda a vella queima o tallo (MV 1867).

En maio aínda a vella queima o tallo e en San Xoán aínda hai tres días para cardar lan.

Estes refráns teñen varios equivalentes en castelán, como exemplo podemos poñer ‘Hasta el cuarenta de mayo / no te quites el sayo; / y si el tiempo es importuno, / hasta el cuarenta de junio’¹¹.

A explicación ten que ver cos cambios nas masas de aire: a medida que pasa a primavera, logo do equinoccio, a radiación solar aumenta no hemisferio norte, polo que o aire frío irá quedando confinado nas latitudes árticas. As masas de aire cálido moveranse cara ó norte e chegarán mais facilmente a Galicia, o que fará que teñamos xornadas calorosas a partir de marzo. Pero a circulación atmosférica non é homoxénea e de cando en vez algunha bolsa de aire frío pode descolgarse desde o norte e deixar días fríos no final de maio e incluso en xuño, polo que non convén adiantarse ás estacións e pensar que coas primeiros calores da primavera chegou xa o verán.

Neve

Cando na ribeira neva, ¿que fará na serra? (MV 1879)

Loxicamente nas zonas de montaña onde o aire é mais frío, nevará moito máis do habitual, posto que é infrecuente que neve na ribeira do mar.

Cobras en marzo, neve en abril (MV 1879).

A aparición de cobras en marzo anticiparía unha prolongación da temporada da neve.

Sol

Marzo

O sol de marzo queima a dama no palacio.

O sol de inverno vén asociado a temperaturas baixas. As noites son longas e ó non ter nubes, a pouca calor que se acumula durante o día pérdese rapidamente. En marzo as noites van perdendo duración e as masas de aire que chegan poden ser mais cálidas, de xeito que as temperaturas poden subir moito mais que no inverno.

11 Rodríguez Marín, Francisco. ‘Los refranes del almanaque. Recogidos, explicados y concordados con los de varios países románicos’. Sevilla, Imp. de Francisco de P. Díaz, 1896. Páx. 108-48.

Marzo/abril

O día santo da Pascua queima como ascuas.

Pódese aplicar o comentario anterior.

Novembro

O vrao do San Martiño, ou moi grande ou moi pequeniño.

O verán de San Martiño refírese a unha situación moi típica da primeira quincena de novembro. Logo de entrar no outono en Galicia predominan as situacións de sudoeste, con chuvias e ventos. Con todo, é típico que nesta primeira quincena teñamos un período anticiclónico que nos deixa o chamado verán ou vrao do San Martiño. A duración da situación anticiclónica variará ano a ano.

3. A meteoroloxía e as producións do agro e do mar

En xeral estes refráns hai que explicalos en función das mellores condicións climáticas para certos comportamentos dos animais ou para as diferentes tarefas do campo.

Xaneiro

Cando as rans cantan en xaneiro, sinal de fame en todo o eido (MV 1879).


As ras cantan cando vai calor e por tanto estamos ante un inverno con temperaturas superiores ás normais. Máis adiante veremos outros refráns que, coma este, fan referencia ó risco dunha primeira parte suave do inverno que faga ‘verdexar’ os campos, co conseguinte risco de posteriores xeadas que arruñen as colleitas.

En xaneiro, pon o alleiro (MV 1879).

Aínda que hoxe os allos se acostuman poñer (sementar) no outono, pode que cando Marcial Valladares recolleu este dito houbo costume de facelo máis tarde, en época máis fría.

En xaneiro o pulpo vale carneiro.

Equivalente a “En San Xoán a sardiña molla o pan”, quere dicir que é unha boa época do ano para comer polbo porque é cando



Efectos da xeada en Socastro (San Mamede de Ribadulla, Vedra), o 25 de decembro de 2006. Foto: Henrique Neira

mellor sabe. Tamén compara o polbo co carneiro, carne que hai décadas era moito máis apreciada que hoxe.

Con todo, disque os meses mellores para comer polbo son os meses sen r: maio, xuño, xullo e agosto. No resto dos meses poden pescarse femias preñadas, que non cocen ben e polo tanto non se poden aproveitar na cociña, ademais de impedir a reprodución da especie.

O que queira comer morriña, coma carneiro en xaneiro e en maio galiña (MV 1867).

A diferenza do refrán anterior, este fala dos meses que non son apropiados para comer carneiro ou galiña.

O vinte de xaneiro, sube ó outeiro. Se ves terrexar, ponte a cantar. Se ves verdexar ponte a chorar.

No mes de xaneiro súbete ó outeiro. Se ves ós teus campos verdexar, ponte a chorar; e se terrexar, ponte a cantar. (MV 1867)

Estes refráns fan referencia ó 20 de xaneiro porque é a data na que se celebra a romaría de San Sebastián no Pico Sacro (“*O que sea meu*

amigo verdadeiro, véñame a ver o vinte de xaneiro”, dixo o santo de Pico Sagro, dito que xa recolle Marcial Valladares en 1879). Esta data pode considerarse como a central do inverno ‘meteorolóxico’. Os meses máis fríos no Val do Ulla son decembro, xaneiro e febreiro, o que explica o 20 de xaneiro como o punto medio deste período de temperaturas máis baixas.

Os refráns fan referencia ó risco dunha primeira parte suave do inverno que faga ‘verdexar’ os campos, co conseguinte risco de posteriores xeadas que arruínen as colleitas, posto que o trigo e o centeo se sementan en novembro ou decembro.

Polo San Antón (Abad), toda galiña pon: pola Candelaria, a boa e a mala (MV 1867).

Santo Antón Abade é o 17 de xaneiro e a Candelaria o 2 de febreiro, e parece facer referencia a que pasou xa a metade do inverno e xa se vai achegando a primavera.

Polo San Simón, apreta o baldón (MV 1867).

O San Simón é o 5 de xaneiro e o baldón a tapa que se lles pon ós pipotes unha vez fermentou o mosto converténdose en viño. Podería referirse a unha vendima tardía, hai un refrán semellante para novembro: ‘Polo San Martiño, abaldoa o teu viño’, que sería o que se aplica no Val do Ulla.

Febreiro

Come máis un día de sol en febreiro que cantos cabalos ten o Reino (MV 1879).

Parece indicar que un día de sol forte en febreiro é malo para as colleitas.

Neve febreiriña, pícaa a galiña (MV 1879).

Nesta zona de Galicia, se neva en febreiro non se acumulan grandes cantidades.

Pola Candeloria, cásanse os paxariños e vaise a Galiñola (MV 1879).

Cambio de tempo: pasou a metade do inverno e xa migra a galiñola.

Marzo-abril

O que poda por marzo vendima no regazo (MV 1879).

Habitualmente pódanse as viñas en decembro, ou entre xaneiro e febreiro a máis tardar, para que as videiras poidan seguir o ciclo meteorolóxico normal. Se se podan máis tarde, xa próxima a primavera, dan poucas uvas. Hai outro refrán que xa especifica cando se deben ata-las viñas, despois da poda, para que as videiras estean preparadas para soporta-lo peso das uvas:

O viño que nace en marzo non vai ó cabazo.

Cando os gromos nacen moi cedo atópanse con tempo frío, con posibilidade de xeadas que os poidan queimar e por tanto reducir drasticamente a produción de uva.

Polo 19 de marzo, a monlla debaixo do brazo.

A monlla é un atado de vimbios, e é con estes vimbios cos que se atan as videiras ás trandeiras das viñas en parris tan típicas da Ulla.

Por Pascua de Resurrección, tres cousas non ten sazón; sardiñas saladas, castañas asadas e predicación (MV 1879).

De novo consellos sobre o consumo de alimentos: marzo-abril non é o tempo axeitado para sardiñas salgadas nin para as castañas asadas.

Maio

A porca de maio vale máis no principio que no cabo (MV 1879).

A porca de agosto é o que por outro nome se coñece como canícula ou canículas, un período duns días moi calorosos que veñen acompañados dunha brétema –a porca– que case non se ve. Por tanto aquí podería referirse a un período semellante en maio.

Cando nace o viño en maio, pouco e malo.

Viño de maio, pouco e malo (MV 1879).

A finais de abril ou principios de maio empezan a saír os gromos e a finais de maio ou principios de xuño nacen as uvas. Aquí podería referirse a que se as uvas –o viño– nacen antes de tempo terían máis

problemas de enfermidades, non se conservarían tan ben como se naceran no momento apropiado.

Chuvia na semana da Ascensión, colle o trigo mourón.

Chuvia na semana da Ascensión, cría nos trigos mourón (MV 1867).

Se chove pola semana da Ascensión o trigo colle mourón.

Chuvia na semana da Ascensión, nin boa faba, nin bo melón (MV 1879).

A chuvia en maio ou principios de xuño (datas da Ascensión), de acordo cos tres primeiros refráns, propicia a aparición de caruncho ou mourón nas espigas do trigo, de xeito que os grans afectados quedan negros e non valen para comer. Algo semellante sucedía co centeo, tamén botaba grans negros, chamados grans de corvo, nas mesmas condicións. A mediados do século XX laboratorios farmacéuticos de Santiago compraban estes grans negros, chamados 'graos de corvo', que se recollían en xuño (cara ó 13 de xuño, festa do Santo Antonio de Padua), aínda que ignoramos con que finalidade. Tamén, polo que se ve, moita chuvia neses días non era boa para as fabas nin para os melóns.

En maio, de meu me caio, ou coa fame, ou co traballo (MV 1867).

A calor de maio provoca canseira, andar 'maiadas' as persoas.

En maio millo sementado, cal enxoiro, cal mollado (MV 1867).

Entrou maio, millo ó agro, mellor inxoiro que mollado.

O problema de sementar millo en maio é que se chove logo da sementeira ó mellor non nace porque a terra queda aplastada enriba dos grans e estes non son capaces de romper esa barreira e saír cara a fóra.

*Entre maio e junio,
cereixiñas coma puños,
entre verdes e maduras
enchémo-las calzafurras.*

O tempo no que maduran as cereixas é variable, depende de como foi o ano en canto a chuvias e calor.

Mal do maio que non trae o boi ó prado (MV 1879).

Fala dun maio moi seco, no que non hai pasto para o gando, o cal é prexudicial para os gandeiros.

Xuño

O que queira comer patacas en San Xuan bóteas canda o pan (MV 1879).

Indica que se deben botar as patacas en xaneiro ou febreiro, que é cando se sementa o trigo, se se queren coller patacas en xuño (San Xoán). Polo regular, na Ulla bótanse en marzo máis ben que en abril.

A quen en agosto e setembro non dá cebada, en San Xuan non fai fornada (MV 1867).

A cebada seméntase en decembro e recóllese cara a finais de xuño, no mes de San Xoán. A fariña de cebada era máis ben para alimento dos animais (coma as vacas) en inverno, e considerábase mellor que a avea.

Cando no castiñeiro vires candea, leva ó carneiro a ovella (MV 1879).

A candea, a flor dos castiñeiros, aparece normalmente en xuño, e o refrán recomenda aproveitar esta época para o apareamento de carneiros e ovellas. Cinco meses despois, xa en outono, nacerán as novas ovellas e carneiros, que coas chuvias propias de novembro e decembro deberían ter asegurado o alimento.

En San Xoán a sardiña molla o pan.

Tradicionalmente dise que é o mellor mes para comer sardiñas, cando xa teñen graxa suficiente para molla-lo pan.

Xullo

Non está o alcacén para gaitas.

Este dito é equivalente de ‘*Non está o forno para bolos*’ pero é probable que anteriormente si se referira á maduración do alcacén, que é en xullo. Daquela é cando se poden construír cos talos das plantas as gaitas de alcacén, coas que se poden asubiar certas cancións, por tanto un entretemento para a xente nova.



Un cumulonimbo fotografado en Socastro (San Mamede de Ribadulla, Vedra) o 17 de setembro de 2000. Foto: Henrique Neira

Agosto

Vale máis nublado de agosto que sol de setembro (MV 1879).

Refírese a que é mellor que en agosto haxa días nublados que protexan as colleitas dun sol excesivo, e que traian algo de chuvia, que o sol que axudaría por exemplo á maduración das uvas en setembro. Tamén os días calorosos se hai nubes son mellores para traballar no campo.

Setembro

*De Santa Crus ós Dolores (14 e 15 setembro)
ide mozos; ide nenas;
comerés castañas novas,
que eu pra estonces hei de telas. (MV 1867)*

Indica a época de maduración das primeiras castañas, a mediados de setembro, próximo o final do verán.

Outono

As coles de outono matan o dono.

Horta de outono, mata o dono.

As coles nese mes están moi duras –xa vai frío– e por iso poden sentar mal, e hai que botarlles graxa para que ablanden e podelas comer.

Auga de outono, mata a seu dono (MV 1879).

Sinala que demasiada chuvia en outono é prexudicial para o campo.

Froles de outono, fame en ano novo (MV 1879).

Demasiados días cálidos en outono anticipaban malas colleitas para o ano seguinte.

Outubro

*San Migueliño das uvas,
moito tardas e pouco duras.
Se viñeras catro veces no ano
ningún criado buscaba amo.*

*San Migueliño das uvas maduras,
tarde vés e pouco duras.
Se viñeras dúas veces no ano,
ningún criado buscaba amo.*

Refírense estas dúas coplas ó verán de San Miguel, un período a finais de setembro onde podían rexistrarse varios días cálidos con temperaturas semellantes por exemplo ás de xullo, aínda que en ocasións nesas datas o que sucede é que chove. Tamén se fala aquí da vendima, da recollida da uva: se houbera varias no ano, a vida dos propietarios das videiras sería máis fácil. Aínda que a principios de setembro pode haber algunhas uvas maduras nalgúnhas parroquias, o normal é que a vendima se fixese en setembro, podendo deixarse algunhas viñas ata mediados do mes de outubro se o tempo era axeitado.

Novembro

As coles postas en San Martiño manteñen o dono e mailo veciño.

Horta de outono, mantén a seu dono (MV 1867).

Horta de Samartiño, mantén a seu dono e ó veciño (MV 1879).

Indicarían que os cultivos de outono polo regular eran bos no Val do Ulla, é dicir, que o clima os favorecía. As coles poñíanse pois en novembro.

Polo San Martiño abaldoa o teu viño.

Despois de que fermente o mosto e se converta en viño hai que tapar xa os pipotes para que o viño non se converta en vinagre e se bote a perder. A abertura que tiñan os pipotes tapábase co baldón, un corcho ou tapa grande, e ó redor del para que non entrara aire botábase unha masa de fariña de centeo, barro ou borralla.

Polo San Martiño mata o porquiño.

En novembro, cando empezaba a facer frío, era o momento axeitado para mata-los porcos. Con temperaturas máis frescas enfriaba a carne rapidamente pola noite e ó outro día salgábase e podería conservarse durante máis tempo na época na que non había refrixeradores. Referente a esta época tamén é o dito *A tódolos porcos lles chega o seu San Martiño*, aínda que hoxe o empregamos co significado de *Todo chega*.

Sementeira na semana de San Román (noviembre) nin palla, nin gran; na de Sta. Baia, (diciembre) gran e máis palla (MV 1879).

Recomenda atrasa-la sementeira do centeo e do trigo, xa que se se bota moi cedo a chuvia non os deixa nacer.

Decembro

Enxamio pobre, no inverno nace e en maio morre (MV 1879).

Refírese a que os enxamios de abellas nacidos en inverno –por exemplo se vén un inverno máis cálido do normal– teñen máis dificultades para sobrevivir porque non atoparán flores suficientes.



Estrato de nubes sobre o Val do Ulla o 21 de decembro de 2000. Foto: Henrique Neira

Por iso son mellores os enxamios de marzo e abril porque chegan xa en primavera e as abellas teñen de que alimentarse.

*Pascuas inxoitas,
anadas nin poucas nin moitas.
Pascuas molladas,
anadas dobradas.*

*Navidades molladas,
anadas dobradas.
Navidades inxoitas,
nin poucas nin moitas.*

Sinala que as chuvias polo Nadal son boas para as colleitas, ata o punto de dobra-la produción.

Se a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar: Se a noite de Navidá foi de escuro, sementa no terrón duro (MV 1879).

Se hai luar quere dicir que non hai nubes e por tanto non hai chuvia e a terra non está mollada, o que é bo para sementar. Se a terra está mollada, a humidade e o frío propio da época serían prexudiciais para as sementes.

A evolución en varios meses

Ano de ameixas, ano de queixas (MV 1879).

Sinala que se a produción de ameixas (o froito da ameixeira, non o molusco) é abundante, en cambio haberá malas colleitas noutros cultivos.

Ano de nevadas, ano de anadas.

Prognostica boas colleitas, pois a neve abundante significa que os ríos levarán auga suficiente e non haberá problemas de seca. Disque a neve é o aceite da terra.

Ano de noces, ano de voces (MV 1879).

A voz, nos antigos foros agrarios, era a persoa que herdaba o contrato do foro. Indica que se no ano hai unha abundante colleita de noces –que se recolle en setembro– será tamén un ano con maior número de mortes do normal. ¿Tal vez un inverno máis frío?

Cando a rula a rular, colle-lo cesto e ir sementar.

A chegada da rula prodúcese a finais de marzo ou primeiros de abril, e é momento de bota-lo millo, sendo unha data de referencia o San Pedro Mártir (29 de abril), aínda que tamén se podía botar en maio.

Cando vén o cuco, vén o pan ó suco (MV 1879).

Entre marzo e abril, ou o cuco ou a fin (MV 1867, recollido con formulación idéntica tamén na actualidade).

A presenza do cuco revela que remata o inverno e aumentan as temperaturas. Loxicamente un inverno máis longo impediría desenvolver-lo ciclo normal das colleitas. A expresión ‘vén o pan ó suco’ indica que o trigo e o centeo, que se botaron en decembro nos sucos feitos nas leiras, xa empezan a botar gran e medran, de cara á colleita que será en xuño ou xullo.

Cando o ano entrare en domingo, vende os boiciños e merca milliño (MV 1879).

A primeira vista non parece que poida ter ningunha xustificación científica xa que o ano comeza o 1 de xaneiro simplemente por convenio. Os datos de chuvia e temperatura non achegan un patrón claro que confirme o que sinala o refrán. Con todo, este dito

pode facer referencia a algún fenómeno que sexa ‘aperiódico’ como o propio clima, que é variable de forma natural, e en esencia impredecible dun ano para outro, igual que o 1 de xaneiro non coincide en domingo con periodicidade fixa. De tódolos xeitos, non hai que descartar que o dito estea baseado na observación dunha serie de anos que comezaron en domingo e nos que as colleitas foron cativas. Por tanto o razoable, sabendo que podería suceder, sería vende-los bois –obtendo cartos por eles e evitando ter que alimentalos– e co diñeiro conseguido comprar millo a maiores para asegurara alimentación. Sabemos dun caso rexistrado décadas atrás no que unha familia vedresa fixo caso deste dito e efectivamente se cumpriu a predición, pero descoñecemos se noutros anos se cumpriu ou non.

*Eu caseime na montaña
porque había moito grao.
O forno de miña sogra
bota silvas polo vrao.*

*Eu caseime na montaña
porque había moito pan.
O forno de miña sogra
bota silvas polo vran.*

Implicitamente fala do clima máis extremo da montaña, o que se traduce en colleitas menos abundantes. En tempos, nas zonas de montaña queimábanse os montes para sementar neles trigo e centeo, e que a cinza servise de fertilizante, e aínda así as colleitas eran máis pobres que nos vales.

*Marzo espigarzo,
abril penduril,
maio granado,
San Xoán curado
e pola Santa Mariña
metelo na arquíña.*

As etapas de crecemento do trigo e do centeo nun ano normal. A colleita sería ó redor do día de Santa Mariña, o 18 de xullo.

*Xaneiro xiadeiro, febreiro ferveiro,
marzo ventoso, abril chuvioso,
maio pardo e San Xoán claro
valen máis que os teus bois e o teu carro.*

Maio pardo e San Xoán claro sae bo ano.

Estes refráns fan referencia a que se a meteoroloxía e a climatoloxía coinciden (é dicir, o ano non se sae moito da media, e as xeadas e chuvias chegan no momento oportuno) é de esperar que os froitos do campo sexan bos.

Datas do santoral e o calendario mencionadas

- A Ascensión: Celébrase 40 días despois do domingo de Pascua. Oscila entre o 1 de maio e o 4 de xuño.
- A Candelaria, A Candeloria ou As Candeas: 2 de febreiro.
- As Dores: Celébrase o 15 de setembro se coincide en domingo, ou senón o primeiro domingo despois do 15 de setembro.
- Carnaval: Ver Entroido.
- Corta feira ou cuarta feira: Mércores.
- Entroido ou Antroido: Período que antecede a Coresma, e esta, de 40 días, precede o Domingo de Pascua.
- Navidá/Navidades: O Nadal é o 25 de decembro.
- Nosa Señora: 15 de agosto.
- Paixón: A Semana da Paixón é a Semana Santa.
- Pascuas: Domingo de Pascua de Resurrección, que se celebra entre o 22 de marzo e o 25 de abril dependendo do ano.
- Ramos: O domingo anterior ó Domingo de Pascua, na Semana Santa.
- Reises: 6 de xaneiro é a festa da Epifanía do Señor, comunmente o día dos Reis Magos.
- San Bieito: 21 de marzo e 11 de xullo.
- San Cristovo: 10 de xullo.
- San Lourenzo: 10 de agosto.
- San Miguel: 29 de setembro.
- San Pedro: 29 de xuño.
- San Pedro Mártir de Verona: 29 de abril.
- San Román: 18 de novembro.
- San Simón: 5 de xaneiro.
- San Xoán: 24 de xuño.

- Santa Baia/Santa Eulalia: 10 de decembro.
- Santa Inés: 21 de xaneiro.
- Santa María Madanela: 22 de xullo.
- Santa Mariña: 18 de xullo.
- Santiago: 25 de xullo.
- Santo Antón Abade: 17 de xaneiro.
- Santo Antonio de Padua: 13 de xuño.
- Virxe da Barca: Esta festa celébrase o segundo domingo de setembro, menos cando este é o día 8, en tal caso celébrase o día 15.